

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019463	Johan Carballeira	Bueu	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
FME	Fabricación mecánica	CSFME02	Construcións metálicas	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0251	Formación e orientación laboral	2023/2024	4	107	128
MP0251_12	Prevenção de riscos laborais	2023/2024	4	45	54
MP0251_22	Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	2023/2024	4	62	74

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	ROSALÍA LÓPEZ INSUA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

**2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo**

Os conteúdos do módulo enmarcaráanse no contorno produtivo do título, que neste caso abrangue o descrito a continuación:

1. Esta figura profesional exerce a súa actividade en industrias dedicadas á fabricación de grandes depósitos, caldeiraría grosa e tubaxe industrial, talleres me-cánicos, construción de carrozarías, remolques e caixas abatibles, construción e reparación naval, instalacións petroquímicas, material de transporte, montaxe e reparación de construcións metálicas, no ámbito da produción de construcións me-tálicas encadradas no sector industrial.
2. As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:
  - Técnico/a en construción mecánica.
  - Encargado/a de fabricación en construcións metálicas.
  - Encargado/a de montadores en construcións metálicas.
  - Delineante proxectista de caldeiraría e estruturas metálicas.
  - Técnico/a en deseño asistido por computador (CAD) de caldeiraría e estru-turas metálicas.
  - Deseñador/ora técnico/a de caldeiraría e estruturas.
  - Programador/ora de sistemas automatizados en fabricación mecánica.
  - Programador/ora da produción en fabricación mecánica.
  - Técnico/a en desenvolvemento de tubaxes.
  - Xefe/a de taller en construcións metálicas e montaxe.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A prevención dos riscos laborais: Conceptos básicos.	Coñecemento dos dereitos e obrigas relacionados coa seguridade e a saúde laboral, así coma a asunción dunha actitude responsable no desenvolvemento do traballo para evitar situacións de risco laboral.	9	5
2	Factores de risco	Detección de situacións de risco máis habituais no sector produtivo do ciclo, relacionando os riscos cos seus efectos sobre a saúde.	17	10
3	A prevención de riscos: lexislación e organización	Definición dun plan de prevención, recoñecendo a importancia da súa existencia e identificación dos axentes responsables e representantes en materia preventiva. Avaliación dos riscos máis habituais no sector.	15	10
4	Emerxencias e primeiros auxilios	Plan de autoprotección e primeiros auxilios	13	5
5	O dereito laboral	Identificación das fontes de dereito laboral e dos organismos públicos que poden intervir nunha relación laboral. Recoñecer a lexislación laboral vixente así coma os dereitos e deberes derivados dunha relación laboral	5	6
6	O contrato de traballo	Descrición dos elementos básicos do contrato de traballo, diferenciando as modalidades de contratación vixentes e máis adecuadas a cada situación	8	10

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
7	O tempo de traballo, o salario e a nómina	Análise dos conceptos que integran a xornada laboral. Identificación dos conceptos retributivos que compoñen o recibo de salarios.	15	18
8	Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo	Consiste en identificar as situacións en que o contrato de traballo pode modificarse de xeito legal. Diferenciar os casos de suspensión e extinción do contrato, identificando os dereitos e obrigas que se derivan en cada caso.	12	10
9	Participación dos traballadores	Distinción dos órganos de representación dos traballadores na empresa, coñecendo as súas funcións, garantías e forma de elección. Análise do convenio colectivo de sector.	6	4
10	A Seguridade Social	Coñecemento da estrutura e réximes da Seguridade Social, identificando as obrigas do empresario e traballador coa SS. Realización de cálculos básicos das prestacións contributivas máis comúns.	12	9
11	A procura de emprego	Planificación dun itinerario formativo-profesional acorde aos intereses, capacidades e competencias. Técnicas de procura de emprego. Fases dun proceso de selección	8	11
12	O traballo en equipo	Fomento da participación activa e responsable no traballo en equipo. Representación das técnicas de dinámica de grupos e técnicas de solución de conflitos.	8	2

**4. Por cada unidade didáctica**
**4.1.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
1	A prevención dos riscos laborais: Conceptos básicos.	9

**4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	NO
RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector da fabricación mecánica.	NO
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en construcións metálicas.	NO

**4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.
CA2.3 Clasifícanse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico superior en construcións metálicas.

Criterios de avaliación
CA4.1 Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.
CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.
CA4.3 Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.

**4.1.e) Contidos**

Contidos
Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde.
Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.
Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.
Medidas de prevención e protección individual e colectiva.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Factores de risco	17

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector da fabricación mecánica.	NO

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.2 Clasifícanse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.

**Criterios de avaliación**

CA2.4 Identifícaronse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico superior en construcións metálicas.

**4.2.e) Contidos**
**Contidos**

Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.

Riscos específicos no sector da fabricación mecánica en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	A prevención de riscos: lexislación e organización	15

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	NO
RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector da fabricación mecánica.	NO
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	NO

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**
**Criterios de avaliación**

CA1.2 Distingúronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.

CA1.3 Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.

Criterios de avaliación
CA1.4 Comprenderonse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.
CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.
CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector da fabricación mecánica.
CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.
CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico superior en construcións metálicas.
CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade do título.
CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.
CA3.2 Clasificáronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.
CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.
CA3.4 Identificáronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.
CA3.6 Estabeleceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.
CA3.7 Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico superior en construcións metálicas.

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais.
Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral.
Protección de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos.
Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector da fabricación mecánica.
Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.

Contidos
<p>Órganos de representación e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais.</p> <p>Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.</p> <p>Planificación da prevención na empresa.</p> <p>Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención.</p>

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Emerxencias e primeiros auxilios	13

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	NO
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en construcións metálicas.	NO

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.
CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para nunha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.
CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
CA4.5 Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.
CA4.6 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.
Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.
Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.
Aplicación das técnicas de primeiros auxilios.
Actuación responsable en situacións de emerxencias e primeiros auxilios.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	O dereito laboral	5

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e reconéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícaronse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.
CA2.2 Distingúronse os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.
CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.



**4.5.e) Contidos**

Contidos
Dereito do traballo.
Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais.
Dereitos e deberes derivados da relación laboral.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	O contrato de traballo	8

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.3 Identifícanse os elementos esenciais dun contrato de traballo.
CA2.4 Analizáronse as principais modalidades de contratación e identifícanse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.
CA2.12 Identifícanse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Novos contornos de organización do traballo.
Análise da relación laboral individual.

Contidos
Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	O tempo de traballo, o salario e a nómia	15

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO
RA3 - Determina a acción protectora do sistema de seguridade social ante as contingencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.	NO

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico superior en construcións metálicas.
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
CA2.8 Analizouse o recibo de salarios e identificáronse os principais elementos que o integran.
CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.

**4.7.e) Contidos**

Contidos
Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico superior en construcións metálicas.
Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.

**4.8.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
8	Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo	12

**4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

**4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.9 Identifícaronse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.

**4.8.e) Contidos**

Contidos
Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.

**4.9.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
9	Participación dos traballadores	6

**4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

**4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.10 Identifícanse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.
CA2.11 Analízanse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.

**4.9.e) Contidos**

Contidos
0Representación das persoas traballadoras na empresa.  Conflitos colectivos.  Sindicatos de traballadores e asociacións empresariais.

**4.10.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
10	A Seguridade Social	12

**4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Determina a acción protectora do sistema de seguridade social ante as contingencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.	NO

**4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Valorouse o papel da seguridade social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.
CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema de seguridade social.

**Criterios de avaliación**

CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas da seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.

CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.

**4.10.e) Contidos**
**Contidos**

A seguridade social como pilar do estado social.

Estrutura do sistema de seguridade social.

Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.

Protección por desemprego.

Prestacións contributivas da seguridade social.

**4.11.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
11	A procura de emprego	8

**4.11.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.	SI

**4.11.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**
**Criterios de avaliación**

CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.

Criterios de avaliación
CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo.
CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea.
CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.
CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico superior en construcións metálicas.
CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.
CA4.7 Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico superior en construcións metálicas.
CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.
CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.

#### 4.11.e) Contidos

Contidos
Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.
Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico superior en construcións metálicas.
Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.
Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico superior en construcións metálicas.
Definición e análise do sector profesional do título de técnico superior en construcións metálicas.
Proceso de toma de decisións.
Proceso de procura de emprego no sector de actividade.
Técnicas e instrumentos de procura de emprego.

**4.12.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
12	O traballo en equipo	8

**4.12.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.	SI

**4.12.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícaronse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico superior en construcións metálicas e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual.
CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.
CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo.
CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.
CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.
CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.
CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.

**4.12.e) Contidos**

Contidos
Diferenciación entre grupo e equipo de traballo.
Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización.
Equipos no sector da fabricación mecánica segundo as funcións que desempeñen.

## Contidos

Dinámicas de grupo.

Equipos de traballo eficaces e eficientes.

Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.

Conflito: características, tipos, causas e etapas.

Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.

**5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación****MÍNIMOS EXIXIBLES.**

Serán os así indicados en cada unidade didáctica.

**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

Para acadar a cualificación de apto no módulo de FOL, é necesario obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos nas avaliacións trimestrais. A nota de cada avaliación será numérica sen decimais.

A avaliación será en base á suma de dous criterios co seguinte peso na nota final de cada avaliación:

- EXAMES/PROBAS TEÓRICAS: o instrumento de avaliación serán as probas de coñecemento, mediante probas obxectivas, que terán unha ponderación na nota final dun 70%. Estas probas consistirán nun cuestionario con afirmacións para identificar se son verdadeiras ou falsas ou con preguntas test con elección da alternativa correcta, preguntas breves e, de ser o caso, casos prácticos similares aos realizados na clase. Esixirase unha cualificación neste apartado de cómo mínimo 4 puntos sobre 10 para poder ter en conta o resto dos criterios.

- ACTIVIDADES/EXERCICIOS PRÁCTICOS: empregárase como instrumentos de avaliación os traballos e realizacións (investigacións, supostos prácticos, exposicións orais, traballos en grupo, debates) que terán un peso na nota final dun 30%.

A cualificación trimestral será a suma das notas resultantes de cada un dos apartados anteriores, unha vez aplicadas as correspondentes porcentaxes. A nota final do módulo será a media aritmética das tres notas



da avaliación trimestral.

Cando un/unha alumno/a non asista a unha proba escrita de avaliación, a proba será cualificada cun cero e non terá dereito á súa realización en distinto día, salvo causa de forza maior debidamente xustificada e así apreciada pola profesora, ou enfermidade médica que incapacite para asistir ó examen e igualmente xustificada polos servizos médicos de referencia (informe do Sergas e so para o caso de non recibir a asistencia sanitaria no servizo público informe de médico privado).

O/a alumno/a xustificará a falta a través da plataforma abalar e realizará dita proba o seguinte día lectivo que coincida co módulo.

O alumnado que chegue despois de 5 minutos da hora prevista de iniciar as clases terá a consideración de falta de puntualidade e con 10 minutos será considerada falta de asistencia. 3 faltas de puntualidade dará lugar a una falta de asistencia non xustificada.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

É obrigatorio ter superadas, cunha nota de mínima de 5, todas as avaliacións do módulo de FOL para ser declarado aprobado. Será necesario que o alumno/a entregue antes da proba final, as actividades/traballo relacionadas coa avaliación.

O alumnado terá dereito a unha proba de recuperación final no mes de xuño no caso de ter algunha avaliación suspensa ao longo do curso. Esta proba combinará parte teórica e práctica e a nota mínima para ser declarado apto, é de cinco (5).

Cada avaliación recupérase independentemente, é dicir, o alumnado deberá facer un exame por cada avaliación que deba recuperar. Este exame poderá incluír contidos traballados tanto nos temas como nas tarefas das correspondentes avaliacións. É necesario obter una puntuación igual ou superior a 5 para recuperar cada avaliación e facer a media para o cálculo da nota final.

#### MÓDULOS PENDENTES

O alumnado co módulo pendente do primeiro curso e que houbesen pasado a segundo curso, así como os pendentes deste módulo para a finalización do Ciclo Formativo, deberán superar os exámes establecidos ao efecto nas datas indicadas polo Departamento.

Co obxecto de facilitar o acceso ao aprendizaxe do alumnado e atendendo a súa traxectoria educativa, se lle poderá posibilitar un plan personalizado de actividades de recuperación.

Os exámes ou as probas a realizar para a superación da materia, versarán sobre os contidos mínimos establecidos na programación.

**6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

O alumno que acumule un 10% das faltas de asistencia, sen xustificar, perderá o dereito á avaliación continua e deberá realizar unha proba de avaliación extraordinaria en xuño.

A proba de avaliación extraordinaria constará de 5 preguntas cortas e/ou casos prácticos por cada un dos resultados de aprendizaxe do módulo, valorándose cada resultado sobre dez, en relación aos criterios de avaliación mínimos esixibles, sendo preciso obter unha valoración mínima do 50% de cada un dos resultados de aprendizaxe (oito resultados de aprendizaxe). Unha vez superados, a nota de cada resultado ponderarase polo peso indicado no apartado 5 deste programación

**7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

O seguimento da programación docente realizarase a título individual mensualmente, cotexando as actividades previstas na programación coa marcha cotián das clases. Mensualmente comprobarase si se cumpren os prazos establecidos, de non ser así, revisaranse as oportunas programacións de aula introducindo os cambios necesarios. Rexistraráse a seguimento na aplicación correspondente.

Na memoria de fin de curso incluíranse todas estas modificacións, así como a valoración que o departamento faga sobre a idoneidade da metodoloxía empregada así como dos materias curriculares e didácticos

**8. Medidas de atención á diversidade****8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

Ao comezo do curso o profesor realizará un cuestionario oral ou escrito con preguntas sobre aspectos xerais relacionados có módulo, trátase de avaliar os coñecementos previos que os alumnos posúen sobre a materia obxecto de estudo. Ademais durante as primeiras semanas do curso prestarase especial atención a participación do alumnado nas clases e as dificultades que poidan atopar.

As conclusións acadadas sinalaranse na reunión da avaliación inicial do grupo.

**8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados**

A programación elabórase tendo en conta que debe dar resposta a diversidade do alumnado, por elo concíbese de forma aberta e flexible posibilitando a adaptación ás condicións específicas de cada alumno ou alumna. Có obxectivo de conseguilo as actividades de clase deben prestar atención ao traballo en equipo e a axuda recíproca dos alumnos, así como o fomento de actitudes de respecto ás diferenzas individuais.

Por outra banda colaborarase có departamento de orientación na posible detección das necesidades educativas específicas dos alumnos así como nas pautas de actuación a seguir se se dera o caso.

No caso de que o progreso dun alumno non responda globalmente aos obxectivos programados, adoptaranse as oportunas medidas de reforzo educativo. En todo caso, a cualificación do alumno realizarase tomando como referencia os obxectivos e os criterios de avaliación relacionados cos resultados de aprendizaxe que permitan o logro da competencia xeral característica do Título. Deste xeito, calquera adaptación do currículo en función das necesidades educativas do alumnado estará dirixida, non aos elementos prescriptivos (obxectivos, contidos, criterios de avaliación) senón á modificación doutros aspectos que poden

mellorar o rendemento destes alumnos, como o respecto ós ritmos de aprendizaxe, á selección de distintos materiais, actividades variadas, propostas de avaliación diferentes, adecuación dos tempos e dos espazos, etc.

En calquera caso e dende o primeiro momento, a través da avaliación inicial e coa colaboración do seminario de Orientación, este departamento traballará coa finalidade de identificar de xeito adecuado o nivel de coñecementos e capacidades de cada alumno. O obxectivo será poder detectar posibles carencias ou dificultades que se poidan presentar no seguimento, por parte do alumnado, da programación do módulo correspondente.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

O módulo de Formación e Orientación Laboral ten unha especial relevancia no tratamento destes temas, trataranse a diario espontaneamente, de maneira que impregnarán a actividade cotiá na aula, así en todas as actividades e na medida que sexa posible en cada unha, fomentarse a igualdade, a saúde, educación moral e cívica, educación para o consumidor, educación ambiental, a ecoloxía, a paz, evítanse as actitudes, comentarios ou comportamentos racistas ou discriminatorios ou violentos no comportamento diario tanto dentro como fora da aula.

En concreto, nestes temas cobrará especial relevancia:

- Educación para a saúde: Polo que respecta á educación para a saúde e a calidade de vida, faremos especial fincapé na saúde laboral, xa prevista nos contidos da programación didáctica, pola súa importancia no futuro desenrolo profesional do alumnado. O obxectivo último é que o alumnado tome conciencia da necesidade de facer propios uns hábitos mínimos que garantan a seguridade no traballo, tanto para eles mesmos como para os compañeiros/as e a empresa en xeral. Neste mesmo bloque de contidos tentarase inculcar a importancia de garantir a hixiene e a saúde no traballo, pero non só a nivel persoal, se non tamén a nivel ambiental.
- Educación multicultural. A educación multicultural ven esixida pola crecente intercomunicación das culturas, e resulta máis urxente polos brotes de xenofobia observados ante a crecente presenza de inmigrantes. Os obxectivos serán espertar o interese por coñecer outras culturas diferentes coas súas crenzas, institucións e costumes, así como desenvolver actitudes de respecto e colaboración con grupos culturalmente minoritarios.
- Educación do consumidor. O obxectivo é crear unha conciencia de consumidor responsable que se sitúa criticamente ante o consumismo e a publicidade.
- Educación para a igualdade. Por canto á igualdade de sexos, temos que destacar a importancia e transcendencia que este asunto ten no mundo da empresa; o home e a muller deben de ter igualdade de oportunidades no ámbito laboral, polo mesmo traballo tense que percibir a mesma remuneración. Esta cuestión irase desenvolvendo ó longo do curso e do temario, ao formar parte dos criterios de avaliación que fan parte da programación didáctica.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Acórdase a planificación das seguintes actividades extraescolares:

- Seminario sobre técnicas de 1º auxilios, actuacións en caso de emerxencia é RCP: destinado ó alumnado de primeiro curso de todos os ciclos formativos do centro.
- Xornada sobre os servizos públicos de emprego: destinado ó alumnado de primeiro curso de todos os ciclos formativos do centro.
- Xornada ergonomía no posto de traballo: destinado ó alumnado de primeiro curso dos ciclos da familia de Administración e Finanzas.

A execución destas actividades estará condicionada pola situación sanitaria na que se atope o centro e a súa contorna no momento da súa realización ou solicitude, ó igual que as recomendacións ou obrigas que establezan as autoridades competentes ao longo do curso académico.

### 10. Outros apartados

#### 10.1) Acceso do alumnado á programación

Na primeira semana do curso, explicarase a programación na aula, posteriormente, subirase a aula virtual que se emprega como un dos recursos para impartir o módulo.

#### 10.2) Libro de texto

LIBRO DE TEXTO RECOMENDADO:

Utilizárase como libro de texto recomendado para este módulo: Formación y Orientación Laboral. Editorial TulibrodeFP

#### 10.3) Desenvolvemento de modalidade a a distancia no caso de situación de confinamento derivada do Covid-19

Realizaranse probas e traballos prácticos ou actividades individuais a través da plataforma virtual.

A cualificación do alumnado virá determinada por:

- 1- Probas teórico-prácticas escritas trimestrais de carácter obrigatorio-

A nota destas probas suporá un 70% da nota trimestral. Estes exames teñen carácter obrigatorio e realizaranse nas datas e no tempo indicados na Aula Virtual. A ausencia inustificada a estas probas conlevará automaticamente un cero. No caso de ausencia por causa xustificada a un exame, o/a alumno/a deberá poñerse en contacto coa profesora (mensaxe privada a través da plataforma) para entregar a xustificación da



ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

falta. Só se admitirán xustificacións debidamente documentadas. Neste caso a profesora propondrá á/o alumna/o implicado unha data alternativa para a realización do mesmo.

2- Tarefas en liña correspondentes ás unidades didácticas, entregadas en forma e prazo. O alumnado deberá realizar as tarefas que o profesorado poda propoñer con carácter avaliable. As tarefas en liña deberán entregarse seguindo as instrucións, respectando as normas e os prazos establecidos. Fóra de prazo non se admitirá a entrega das tarefas agás causas debidamente xustificadas e documentadas.

A nota das tarefas suporá un 30% da nota trimestral. O feito de non enviar as tarefas conlevará automaticamente un cero neste apartado da nota.

**IMPORTANTE:** Para ter en conta as puntuacións acadadas nas tarefas en liña é necesario obter unha nota igual ou superior a 4 nas probas teórico-prácticas escritas.

A cualificación trimestral será a suma das notas resultantes de cada un dos apartados anteriores, unha vez aplicadas as correspondentes porcentaxes.

A nota final do módulo será a media aritmética das tres notas de avaliación. trimestral